

**Resolución pola que se seleccionan e aproban as estratexias de desenvolvemento local, así como pola que se seleccionan as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 (código de procedemento MR701F).**

## **I.- Antecedentes.**

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

O financiamento desas axudas, cofinanciadas con fondos Feader nunha porcentaxe do 75 %, efectúase con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0 (CP 2016 00003).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022 a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027 e concedeulles as subvencións correspondentes (CVE M45Zd3bzYU00, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>). Esas organizacións

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



seleccionadas foron os 24 grupos de desenvolvemento rural que xa foran seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na medida Leader de Galicia correspondente ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia do período 2014-2020.

## II.- Consideracións legais e técnicas.

### 1. Procedemento de aprobación das estratexias de desenvolvemento local e do recoñecemento das entidades colaboradoras.

Tendo en conta o establecido no artigo 20.2 das xa citadas bases reguladoras para a selección de estratexias e de entidades colaboradoras, o 10 de maio de 2023, tras a aprobación d Plan estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027, a Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio de 2023). Segundo dispón o citado artigo 20.2, a aplicación dos criterios referidos aos territorios determinarán o 50 % da puntuación que se utilizará para a repartición de fondos entre os grupos de desenvolvemento rural.

Tras a publicación desta resolución, as 24 organizacións seleccionadas mediante a mencionada Resolución do 19 de setembro de 2022 da directora xeral da Axencia presentaron documentación para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local e para o recoñecemento como entidades colaboradoras, tendo en conta as previsións do artigo 20 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022 e da disposición derradeira primeira da antedita Resolución do 27 de abril de 2023.

Por outra parte, o artigo 15 das citadas bases reguladoras sinala os órganos competentes para a tramitación do procedemento de que se trata.

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención é a Subdirección de Relacións cos GDR da Axencia.

Pola súa parte, a Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección, é competente para ditar as resolucións de selección de entidades colaboradoras, de concesión de axudas e de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local. Estas resolucións poñen fin ao procedemento administrativo.

O Comité de Avaliación valorará as solicitudes de selección e as estratexias de desenvolvemento rural presentadas polas entidades seleccionadas e elaborará unha relación coa puntuación que lle corresponde a cada unha, nos termos previstos nos artigos 8 e 21 das reiteradas bases reguladoras.

En particular, o artigo 20.4 desas bases reguladoras sinala que a documentación constitutiva das estratexias de desenvolvemento local, que presenten as entidades seleccionadas como candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader, será valorada polo Comité de Avaliación conforme os criterios sinalados no artigo 21 das mesmas bases reguladoras. A puntuación obtida, que deberá acadar, como mínimo 50 puntos, constituirá o 50 % da puntuación que se terá en conta para a repartición de fondos entre os grupos de desenvolvemento rural que finalmente se constitúan para o desenvolvemento do programa Leader de Galicia correspondente ao período 2023-2027.

Por outra parte, no punto 5 do citado artigo 20 das mesmas bases reguladoras sinalase que o órgano instrutor do procedemento elaborará unha proposta de resolución sobre:

a) A selección das estratexias de desenvolvemento local e das entidades colaboradoras, con base na puntuación do Comité de Avaliación.

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





b) A distribución dos fondos públicos entre as estratexias que resulten seleccionadas, conforme a aplicación dos criterios de puntuación sinalados nos puntos 2 e 4 do mencionado artigo 20 das bases reguladoras.

## 2.- Resultados da instrución do procedemento de aprobación das estratexias de desenvolvemento local e do recoñecemento das entidades colaboradoras.

Tras a instrución do procedemento de aprobación das estratexias de desenvolvemento local e de recoñecemento de entidades colaboradoras, o 24 de novembro de 2023 a Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural emitiu un informe que recolle as actuacións da fase de instrución do procedemento (CVE: 7JjscXHzxOx5, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>), do que se debe destacar o seguinte:

- a) As 24 organizacións seleccionadas como candidatas para obter a condición de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027 presentan a documentación requirida, correctamente e dentro do prazo establecido, conforme ao previsto nos artigos 20.3 e 31.1, segundo apartado, das bases reguladoras aprobadas mediante o Acordo do 20 de abril de 2022.
- b) Non figuran no procedemento nin se deben ter en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as facilitadas polos interesados, pois só estes aportaron, nalgún caso e por propia iniciativa, documentación complementaria á inicialmente presentada. En consecuencia, pode prescindirse do trámite de audiencia ás persoas interesadas previsto no artigo 20.6 das bases reguladoras, o cal significa que a valoración do Comité de Avaliación determinará a listaxe definitiva das puntuacións de cada estratexia e mais as entidades que deben ser recoñecidas como colaboradoras na xestión da medida Leader Galicia 2023-2027.
- c) Como resultado da instrución do procedemento, recolle as puntuacións que lle corresponderían a cada unha das estratexias de desenvolvemento

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





local presentadas, tendo en conta os criterios de selección do artigo 21 das reiteradas bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022. De acordo con esas puntuacións, a Subdirección de Relacións cos GDR considera que todas as estratexias superan, conforme ao artigo 20.4 das bases reguladoras, a puntuación mínima de 50 puntos para seren seleccionadas. En relación aos citados criterios de selección das estratexias, por un lado, o apartado 2 do artigo 21 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022 condicionaba a aplicación dos criterios de selección das estratexias á aprobación definitiva deles pola autoridade de xestión do PDR, aprobación que xa tivo lugar. E, por outro lado, o apartado 5 do artigo 14 da Resolución do 23 de abril de 2023 da directora xeral da Axencia condicionaba a eficacia da modalidade de axuda do bono Activa rural á aprobación da correspondente modificación do Plan estratéxico da PAC. Esta modificación tamén tivo lugar e recolle a posibilidade de habilitar a opción de custos simplificados (OCS) na intervención Leader de Galicia.

Tendo en conta o sinalado no parágrafo anterior, a eventual selección das estratexias de desenvolvemento local, debe entenderse válida.

- d) Sinálase a puntuación que lle correspondería a cada unha das entidades seleccionadas, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022 da directora xeral da Axencia, en relación aos criterios de puntuación referidos aos territorios, establecidos no artigo 46 da xa citada Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023.

Respecto da puntuación sobre o territorio hai que facer as seguintes precisións.

O artigo 21 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022 prevé unha puntuación máxima de 100 puntos para os criterios de selección das estratexias, mentres que o artigo 46 da Resolución do 27 de abril de 2023 prevé una puntuación máxima de 50 puntos para os criterios de territorio. Porén, os apartados 2 e 4 do artigo 20 das bases reguladoras do 20 de abril

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





de 2022 sinalan que os criterios de puntuación referidos ao territorio e mais ás estratexias deben representar, en cada caso, o 50% da puntuación total. En consecuencia, para equiparar ao 50% a puntuación correspondente aos criterios referidos ao territorio e mais ás estratexias, multiplicouse por dous a puntuación, calculada sobre 50 puntos, acadada polos territorios das estratexias presentadas.

### 3.-Acordos do Comité de Avaliación.

O 30 de novembro de 2023 reuniuse o Comité de Avaliación para a selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027. O comité aceptou o contido e os resultados das tarefas de instrución do procedemento que constan no informe do 24 de novembro de 2023 da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural e adoptou os seguintes acordos, segundo consta na acta da reunión (CVE aX4g2I6W9kR2 , verificable en : <https://sede.xunta.gal/cve> ).

- a) Aprobación dos listados de verificación da admisibilidade da documentación presentada para a selección das estratexias de desenvolvemento local participativo e das entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027, de conformidade co contido que figura no informe do 24 de novembro de 2023 da Subdirección de Relacións cos GDR.
- b) De conformidade co previsto no artigo 20, apartados 4 e 6, e mais no artigo 21 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG n.º 105, do 2 de xuño), valoración das estratexias de desenvolvemento local segundo a puntuación que recolle o informe da Subdirección de Relacións cos GDR en relación a cada estratexia de desenvolvemento local presentada. En consecuencia, da puntuación resultante para cada estratexia de desenvolvemento local presentada resulta tamén a relación de entidades que

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





deben ser recoñecidas como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027.

O detalle das puntuacións correspondentes a cada unha das 24 estratexias de desenvolvemento local que deben ser seleccionadas, coa motivación específica para cada criterio de puntuación, forma parte da acta do Comité de Avaliación como Anexo II.1.-GDRs 1-12 e Anexo II.2.-GDRs 13-24. E os documentos que constitúen cada una das estratexias de desenvolvemento local correspondentes a cada entidade que debe ser recoñecida como colaboradora na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027 identifícanse polos números de entrada deses documentos no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

- c) De conformidade co previsto no artigo 16.5 das citadas bases reguladoras do 20 de abril de 2022, elevar o resultado da avaliación á persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

De conformidade co apartado 5 do artigo 20 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022, a Subdirección de Relacións cos GDR debe propor a selección das estratexias de desenvolvemento local e das entidades colaboradoras, con base na puntuación do Comité de Avaliación, así como a distribución dos fondos públicos entre as estratexias que resulten seleccionadas, conforme a aplicación dos criterios de puntuación sinalados nos apartados 2 e 4 do mencionado artigo 20 das bases reguladoras.

En canto á citada proposta, a puntuación das estratexias que se vai tomar como referencia é a que recolle a acta do Comité de Avaliación. E a puntuación sobre os territorios a que se vai tomar como referencia é a que figura no anexo II do informe do 24 de novembro de 2023 da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

A contía programada para a súa distribución entre as estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas é de 56.989.000,00 euros.

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal







A asignación inicial de fondos, así como a porcentaxe de reparto, que lle corresponde a cada estratexia de desenvolvemento local, e directamente proporcional á suma das puntuacións obtidas nos criterios de selección das estratexias, establecidos no artigo 21 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022, e mais nos criterios referidos aos territorios, establecidos no artigo 46 da Resolución do 27 de abril de 2023.

Por outra parte, de conformidade co apartado 8 do artigo 20 das anteditas bases reguladoras, as entidades que se recoñezan como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027 están obrigadas a manter as condicións de admisibilidade previstas no artigo 5 das bases durante o período de execución da estratexia de desenvolvemento local, sen prexuízo doutras condicións adicionais que eventualmente poida establecer a Axencia con base no Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e nos obxectivos fixados pola Comunidade Autónoma para o dito período, así como os demais compromisos asumidos polas citadas entidades coa solicitude de participación no procedemento de selección, algúns dos cales se indican no citado precepto.

Tendo en conta o exposto, e particularmente os acordos do Comité de Avaliación reunido o 30 de novembro de 2023 e mais o informe do 24 de novembro de 2023 da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural,

#### **RESOLVO:**

1.- Seleccionar tanto as estratexias de desenvolvemento local, coa puntuación asignada polo Comité de Avaliación, como as entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027, segundo se sinala a continuación:

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal







ENTIDADES COLABORADORAS	PUNTUACIÓN DA ESTRATEGIA DE CADA ENTIDADE
GDR-01 Asociación Terras de Miranda	<b>62,56</b>
GDR-02 Asociación de Desenvolvemento Comarcial da Terra Chá	<b>68,16</b>
GDR-03 Asociación Montes e Vales Orientais	<b>70,17</b>
GDR-04 Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo	<b>50,34</b>
GDR-05 Asociación Miño Ulla	<b>72,49</b>
GDR-06 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel	<b>50,07</b>
GDR-07 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras	<b>58,37</b>
GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea	<b>65,44</b>
GDR-09 Asociación Monteval	<b>73,33</b>
GDR-10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia Arnoia	<b>65,50</b>
GDR-11 Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ourense - Adercou	<b>56,17</b>
GDR-12 Asociación Carballiño Ribeiro	<b>52,30</b>
GDR-13 Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	<b>63,84</b>
GDR-14 Asociación de Desenvolvemento Rural Galicia Suroeste Eu Rural	<b>58,77</b>
GDR-15 Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra – O Morrazo	<b>62,62</b>
GDR-16 Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte	<b>59,12</b>
GDR-17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia	<b>55,01</b>
GDR-18 Asociación de Desarrollo Local Deloia	<b>58,81</b>
GDR-19 Asociación Terras de Compostela	<b>51,43</b>
GDR-20 Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo	<b>64,19</b>
GDR-21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes	<b>63,61</b>
GDR-22 Asociación Costa da Morte GDR	<b>59,87</b>





GDR-23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos	<b>67,14</b>
GDR-24 Asociación Seitura 22 Ferrol Eume Ortegal Miño Vilarmaior	<b>64,78</b>

O detalle das puntuacións correspondentes a cada unha das 24 estratexias de desenvolvemento local que se seleccionan, coa motivación específica para cada criterio de puntuación, constan nos documentos cos seguintes códigos de verificación: u9dapeao4tU7 e wR2qz8dmZwG3, verificables en <https://sede.xunta.gal/cve>.

As estratexias de desenvolvemento local correspondentes a cada unha das entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027 constan nos documentos presentados cos seguintes números de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia:

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



<b>Entidades</b>	<b>N.º dos rexistros de entrada das estratexias</b>
GDR-01 Asociación Terras de Miranda	2022/1980671, 2022/2072151, 2023/2021858, 2023/2025039, 2023/2165723 e 2023/2505812
GDR-02 Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá	2022/1972184, 2022/1976569 e 2023/2007941
GDR-03 Asociación Montes e Vales Orientais	2022/1983800, 2022/2040297, 2023/2021732 e 2023/2503343
GDR-04 Asociación para o Desarrollo Rural da Comarca de Lugo	2022/1942127, 2022/2056189, 2023/2004587, 2023/2225301 e 2023/2491203
GDR-05 Asociación Miño Ulla	2022/1978174, 2022/2034437, 2023/2021722 e 2023/2489601
GDR-06 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel	2022/1993030, 2022/2042787, 2022/2042246 e 2023/2026112
GDR-07 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras	2022/1979285, 2022/2070768, 2023/2017827, 2023/2022678, 2023/2048417 e 2023/2494405
GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea	2022/1971380 e 2023/1975941
GDR-09 Asociación Monteval	2022/1982350, 2023/2020215, 2023/2071151 e 2023/2566875
GDR-10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia Arnoia	2022/1920870, 2023/2014756, 2023/2020704, 2023/2044459 e 2023/257388
GDR-11 Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ourense - Adercou	2022/1942971 e 2023/2019230

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





GDR-12 Asociación Carballiño Ribeiro	2022/1977582, 2022/2042809, 2022/2043338, 2023/2003501, 2023/2015327 e 2023/2493261	2022/2035905,
GDR-13 Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	2022/1991476, 2022/2060019, 2022/2128188, 2022/2128929, 2023/2026427 e 2023/2513091	2022/2046739,
GDR-14 Asociación de Desenvolvemento Rural Galicia Suroeste Eu Rural	2022/1979691, 2023/1990353, 2023/1991001 e 2023/2592518	
GDR-15 Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra – O Morrazo	2022/1979475, 2023/2020940	2022/2035356,
GDR-16 Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte	2022/1980826, 2023/2006244 e 2023/2513037	2022/2066977,
GDR-17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia	2022/1965867, 2022/2053000, 2023/2004873, 2023/2020182, 2023/2033371 e 2023/2500452	2022/2025938,
GDR-18 Asociación de Desarrollo Local Deloa	2022/1978486, 2023/2015464 e 2023/2493233	2022/2047064,
GDR-19 Asociación Terras de Compostela	2022/1953513, 2022/2062663, 2023/1987971, 2023/2494146	2022/2048037, 2023/2006936 e
GDR-20 Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo	2022/1981644, 2022/1667484, 2023/2019782, 2023/2055461, 2023/2516793 e 2023/2709675	2022/1663854, 2023/2020387,
GDR-21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes	2022/1742074, 2022/1946761, 2023/1991953, 2023/2018128 e 2023/2500563	

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



GDR-22 Asociación Costa da Morte GDR	2022/1977557, 2023/2499215	2023/2004858	e
GDR-23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos	2022/1974942, 2022/2060641, 2022/2114382, 2023/1991731, 2023/2024145 e 2023/2616933	2022/2059768,	
GDR-24 Asociación Seitura 22 Ferrol Eume Ortegal Miño Vilarmaior	2022/1956129, 2022/2017881, 2022/2060416, 2023/2003254 e 2023/2477212		

A selección anterior queda condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao que poida establecer a Autoridade de Xestión da PEPAC 2023-2027 para a Comunidade Autónoma de Galicia no tocante ao establecemento das condicións e requisitos que deberán rexer para a opción de custes simplificados, así como ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento que sexan seleccionadas (DOG. núm. 89, 10 de maio de 2023).

A aprobación definitiva dos procedementos de selección aos que se refire o parágrafo anterior corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por delegación do Consello de Dirección, segundo dispón o artigo 20.7 da resolución do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

A selección das estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras non implica que, necesariamente, sexan subvencionables todas as actuacións previstas nas citadas estratexias. No caso de discrepancia das estratexias coas regras contidas na Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027 e/ou nas bases reguladoras que resulten aplicables á intervención Leader de Galicia correspondente ao período de programación 2023-2027, estas serán de aplicación preferente e as entidades seleccionadas deberán facer as modificacións axeitadas nas súas respectivas estratexias.

2.- A distribución de fondos entre as entidades colaboradoras seleccionadas será a seguinte:

ENTIDADE	PUNTOS ESTRATEGIA	PUNTOS TERRITORIO	SUMA PUNTOS	PORCENTAXE 2023-2027	ORZAMENTO
GDR-01 Asociación Terras de Miranda	62,56	47,66	110,22	3,622923945	<b>2.064.668,13 €</b>
GDR-02 Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá	68,16	75,56	143,72	4,724044653	<b>2.692.185,81 €</b>
GDR-03 Asociación Montes e Vales Orientais	70,17	84,3	154,47	5,077477889	<b>2.893.603,87 €</b>
GDR-04 Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo	50,34	70,7	121,04	3,97856188	<b>2.267.342,63 €</b>
GDR-05 Asociación Miño Ulla	72,49	73,82	146,31	4,809056227	<b>2.740.633,05 €</b>

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





GDR-06 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel	50,07	90,02	140,09	4,6046244	<b>2.624.129,40 €</b>
GDR-07 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras	58,37	77,86	136,23	4,477683074	<b>2.551.786,81 €</b>
GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea	65,44	89,42	154,86	5,090181037	<b>2.900.843,27 €</b>
GDR-09 Asociación Monteval	73,33	86,8	160,13	5,263457227	<b>2.999.591,64 €</b>
GDR-10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia Arnoia	65,50	77,84	143,34	4,711512824	<b>2.685.044,04 €</b>
GDR-11 Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ourense - Adercou	56,17	60,58	116,75	3,837658304	<b>2.187.043,09 €</b>
GDR-12 Asociación Carbaliño Ribeiro	52,30	80,64	132,94	4,369640484	<b>2.490.214,42 €</b>
GDR-13 Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	63,84	68,92	132,76	4,363678507	<b>2.486.816,74 €</b>
GDR-14 Asociación de Desenvolvemento Rural Galicia Suroeste Eu Rural	58,77	43,04	101,81	3,346394802	<b>1.907.076,93 €</b>
GDR-15 Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra – O Morrazo	62,62	43,56	106,18	3,490099085	<b>1.988.972,57 €</b>
GDR-16 Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte	59,12	81,1	140,22	4,608876534	<b>2.626.552,65 €</b>
GDR-17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia	55,01	49,08	104,09	3,421362809	<b>1.949.800,45 €</b>

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





GDR-18 Asociación de Desarrollo Local Deloa	58,81	46,42	105,23	3,458799129	<b>1.971.135,04 €</b>
GDR-19 Asociación Terras de Compostela	51,43	52,5	103,93	3,416279357	<b>1.946.903,44 €</b>
GDR-20 Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo	64,19	69,78	133,97	4,40366297	<b>2.509.603,49 €</b>
GDR-21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes	63,61	67,44	131,05	4,307674281	<b>2.454.900,50 €</b>
GDR-22 Asociación Costa da Morte GDR	59,87	48,12	107,99	3,549439219	<b>2.022.789,92 €</b>
GDR-23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos	67,14	37,4	104,54	3,436285643	<b>1.958.304,82 €</b>
GDR-24 Asociación Seitura 22 Ferrol Eume Ortegaleirido Vilarmar	64,78	45,68	110,46	3,630625721	<b>2.069.057,29 €</b>
			<b>3042,32</b>	<b>100</b>	<b>56.989.000,00 €</b>

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as organizacións poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación.
- Potestativamente, recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

**AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



A directora da Axencia Galega de desenvolvemento Rural, na data da sinatura dixital

Inés Santé Riveira

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal

